

ROGO DE AER SOBRE COMISIÓN DE PROCEDIMENTOS SELECTIVOS

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

Por parte do concelleiro señor Varela Couñago fórmulase o seguinte rogo:

No pleno de setembro aprobouse a creación dunha comisión informativa especial, na que están representados todos os grupos da corporación, pra elaborar as bases de contratación de persoal . Presumir de transparencia e participación parécenos ben, pero sempre que se corresponda con feitos que o respalden. Vendo como funcionou a primeira comisión no caso das bases dos GRUMIR, que quedaron pendentes de modificar na primeira reunión, rogamos ao alcalde que antes de aprobar e publicar as bases definitivas, ditas bases pasen outra vez pola comisión, constando na resolución final, no caso de habelas, as discrepancias que poidan ter os grupos políticos, tal como pediamos na moción de setembro. Non aceptaremos ser comparadas dunha foto nunhas decisións que toman vostedes segundo lles parece.